


15 de abril
Os sete cabritos e o lobo

Aos ratos de Lonxedetodo encántalles o teatro. Ás veces organizan obras nas que participa o público e nas que se representan algúns dos seus contos favoritos.
Contos: "A Raiña de Turnedó" Gloria Sánchez. Kalandraka, 2014 / "Os 7 cabritos e o lobo" (distintas versións)



29 de abril
Fábulas

Desde a antiga Grecia ata hoxe, ás fábulas constitúen un xénero literario caracterizado polo seu claro obxectivo didáctico. Da historia protagonizada por animais que falan extraese unha conclusión expresada na sentencia final. Os Ratos de Lonxedetodo traennos como fin de curso, as súas fábulas favoritas.
Contos: *Fábulas de Esopo*. M. Hague, León: Everest, 1996/ *O home, a cobra e o raposo*. En "Contos populares galegos: animais" H. Harguindey Vigo: Galaxia, 1995.

SUXESTIÓNS

A lectura é unha importante ferramenta de aprendizaxe. A etapa escolar é máis doada se os nenos e as nenas a dominan. Os contos son un medio de iniciación á lectura, por suposto pracenteira e nunca obrigada. Estimulan a imaxinación e ensinannos cousas da vida. A través da lectura adquirimos coñecemento. Cántalles e lles contos aos teusfillos e fillas. Aconséllate coas bibliotecarias. Leos ti antes para considerar se che parecen apropiados. Agasalla contos e cólleos prestados na túa biblioteca.



**BIBLIOTECA
REGO DA
BALSA**

Rúa de Bos Aires, s/nº Carballo. Tf.: 981 75 85 80
biblioteca@carballo.gal. www.carballo.gal

**Trinketrinke
teatro**

Actividades de animación á lectura para nenos e nenas de 3 a 8 anos. Máximo 60 nenos-as por función. Cada neno-a pode estar acompañado-a dunha persoa adulta. Para poder asistir é necesario recoller convite na propia biblioteca desde unha semana antes da actividade.



**Os Ratos de
Lonxedetodo**
na Biblioteca Rego da Balsa
Mércres ás 17 h e 18:30 h

Con previa recollida de convite
Non se repartirán máis de 60 convites antes das 16:00 h. do día que comeza o prazo de recollida.



O Ratiño Presumido

CONTACONTOSTEATRAL
www.trinketrinke.com trinketrinke teatro

13 de novembro O Ratiño Presumido

Fuco e a súa nova amiga a ratiña Faifá van rachar con estereotipos de xénero que lles son inculcados aos nenos e nenas desde o berce. Dramatizarán o conto de "O Ratiño presumido" dándolle a volta ao conto clásico para amosar a un ratiño (o Rato Fuco) que disfruta cantando, limpando a súa casa e arrumándose para estar ben guapo.

Contos: A Ratiña Presumida. Oliver Button es una nena. Tomie de Paula. León: Ed. Everest. 2002




Querida ovella negra

CONTACONTOSTEATRAL

15 de xaneiro Querida ovella negra

Algunhas veces os ratos de Lonxedetodo fan o mesmo que os demais, por imitación, sen pensar se o que están facendo é o que queren. Isto tamén lles pasa ás ovellas e a todo tipo de animais. Mesmo ás persoas...

Contos: El regalo. Gabriela Keselman. Barcelona : La Galera, 2004/ **O Rabaño.** Margarita del Mazo.(Huesca).LaFragatina, 2014.




O ENTROIDO DOS RATOS

CONTACONTOSTEATRAL

26 de febreiro O Entroido dos Ratos

Os ratos de Lonxedetodo coñecen como se celebra o Entroido en distintas partes de Galicia. E están todo o ano desexando que chegue para disfrazarse, e gastarse bromas os uns aos outros.

Contos: É tempo de Entroido. Ramón D. Veiga; David Sierra. Vigo: Xerais, 2018.




Querémola PAZ

27 de novembro Querémola paz!

A ratiña Faifá vivía no Deserto de Palmira, mais tivo que fuxir cos seus pais a causa da guerra. Despois dunha longa viaxe atoparon novamente a paz en Lonxedetodo. Así e todo, teñen morriña da súa terra.

Contos: Animals. Ingela P. Arrhenius. Barcelona:Coco Books. 2015/ **Soy un punto.** Giancarlo Macri, Carolina Zanotti; Madrid; San Pablo, D.L. 2015/ **Flon- Flon y Musina.** Elzbieta. Madrid: S.M. 2001



RICIÑOS DE OURO e os tres osos



Trinketrinke teatro

29 de xaneiro Riciños de Ouro

Os ratos e ratiñas de Lonxedetodo son moi amables e respectuosos. Disfrutan da natureza e por suposto respectan a intimidade dos demais animais, non como Riciños de Ouro... Tamén lles gustan as festas, sobre todo se existe a posibilidade de... ¡atopar un globo máxico!

Contos: Riciños de Ouro (distintas versións)/ **El Globo Azul.** Inkpen, Mick. Barcelona: Ed. Molino, 1990



O galo engancha

11 de marzo O galo engancha

Érase unha vez un galo que cantaba moi cedo. Un día o granxeiro, farto de tanto mardugar, colleuno polo pescozo e... xa non se puido soltar. E tamén tivo que bailar e cantar igual ca el. Alguén quere axudar ao granxeiro a esconxuralo meigallo?

Contos: Teatro Infantil. Fábulas y criaturas mágicas. Editorial Parramón. Barcelona: 1999




O caracol namorado

11 de decembro O caracol namorado

Hoxe descubrimos que Manolo Caracol, amigo do rato Fuco, está namorado da Rá Lolita. Últimamente non quere comer e só fala en verso. "Un bo día, pensa o rato Fuco, para dedicarse á poesía!"

Contos: El sapito vegetariano. Ana Romero. Madrid: S.M. 2005 **El pequeño rey de las flores.** Keta Pacovska. Madrid: Kókinos 2014 **Chamario.** Eduardo Polo. Caracas : Ekaré, cop. 2004



O Coelliño Branco

CONTACONTOSTEATRAL

Trinketrinke teatro

12 de febreiro O Coelliño Branco

A Gran Lili Gruyère atopou un coelliño branco. Adoptouno e levouno para Lonxedetodo .Falando con el enterouse de que é o protagonista dun conto e tamén de que traballou como axudante dun mago!

Contos: O Coelliño Branco, conto popular portugués. Xosé Ballesteros e Óscar Villán. Pontevedra: Kalandraka. 1998/ **Lucía Cotriñas.** Annie M.G. Schmidt. Ed. Lata de Sal, 2014



Adeus avó, sempre te quererei!

Trinketrinke Teatro

25 de marzo Adeus avó, sempre te quererei!

O rato Fuco recibe a nova do falecemento do seu avó. Non lle vai faltar apoio e cariño para comprender e superar este triste acontecemento.

Contos: Nana vieja. Margaret Wild. Caracas: Ekaré, cop. 2000/ **Os dous xemelgos,** en Contos de Maxia III/ Xosé Miranda, Antonio Reigosa, Xoán Ramiro Cuba. Colección . Vigo : Ed Xerais,2000.